



42 | XUÑO 2021

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería



**Libro
do mes**


Coidadora
María Marco

XERAIS
17,50€



**A vida secreta
de Ursula Bas**
Arantza
Portabales

GALAXIA
19,90€



Parte de mí
Marta Sanz

ANAGRAMA
17,90€



**Todas las
crónicas**
Clarice Lispector

SIRUELA
34,95 €



La única.
María Casares
Anna
Plantagenet

ALBA EDITORIAL
18.50€



**E continuare-
mos a contar**
Paula Carballeira

ATRAVÉS EDITORA
12,00€



**O filósofo
do arado**
Emilio Araújo

TOXOSOUTOS
14,00€



**Enseñar a
transgredir**
bell hooks

CAPITÁN SWING
18,50€



**El discurso
amoroso**
Roland Barthes

EDICIONES PAIDÓS
42,00€

Presentacións Librería

Aforo limitado: insíbete en comunicacion@numax.org



3 XUÑ | 19:30

Pablo Seoane, Estevo Creus e Xavier de Donato
Regla y tiempo real

ATENAICA



9 XUÑ | 19:30

Ismael Ramos e Daniel Salgado
Lixeiro

XERAIS



17 XUÑ | 19:00

Ramón Lluís Bande e Iván Cuevas
Cuadernos de la guerra

PEZ DE PLATA

A COR
DAS
PALABRAS
2021

ENCON-
TROS
CON
CINEASTAS

CAROLINA CAPPA

«Imaxes que volven...
ou por que restauramos filmes»

Domingo 6 de xuño
 ás 11:30
Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

CONCELLO DE
SANTIGO

COMPOSTELA
+
solidaria

9 e 16 > XUÑO > 20.00 h

CINEFORUM SOCIAL
NO CINEMA NUMAX

Financia: CONSELLERÍA DE POLÍTICAS SOSTIÑAS E MARKETING

Organiza: COORDINADORA GALIÇA DE ONS

Colabora: **NUMAX**



Cinema

**Filme
do mes**



O TELÉFONO DO VENTO

ESTREA 25 XUÑ

Nobuhiro Suwa, 139', XAP, VOSE

Con Shoko Ikezu, Serena Motola

Haru, de 17 anos, emprende unha longa viaxe a través de Xapón na procura de respostas tras o devastador tsunami de 2011 no que desapareceu toda a súa familia. A viaxe leva á moza, aínda atormentada pola perda, desde Hiroshima a Tokio, Fukushima e Ōtsuchi, onde unha vez estivo o seu fogar. No camiño vai atopando outras persoas que relatan historias de perda.

🏆 Sección Oficial Xixón 2020



RESERVOIR DOGS

ESTREA 3 XUÑ

Quentin Tarantino, 99', ING, VOSE, 1992, +18
Con Tim Roth, Harvey Keitel

Unha banda organizada é contratada para roubar uns diamantes. Porén, antes de que soe a alarma, a policía xa está alí. Algúns membros da banda morren no enfrontamento e os demais reúnen no lugar acordado.

🏆 Premio FIPRESCI Toronto 1992



SHORTA. O PESO DA LEI

ESTREA 4 XUÑ

Anders Ølholm & Frederik Louis Hviid, 108',
DA, VOSE, +16
Con Jakob Ulrik Lohmann, Simon Sears

Na Dinamarca actual, unha sociedade multicultural e chea de tensións raciais, Talib, un mozo inmigrante de segunda xeración, entra en coma estando baixo tutela policial. Mentres os axentes de policía Høyer e Andersen fan unha patrulla de rutina polo gueto de Svalegarden, anúnciase a morte do mozo.

🏆 Sección Oficial Toronto 2020



GAZA MON AMOUR

ESTREA 4 XUÑ

Tarzan & Arab Nasser, 87', ÁR, VOSE
Con Salim Dau, Hiam Abbass

Gaza, época actual. Issa é un pescador de 60 anos namorado en segredo de Siham, unha muller que traballa como modista no mercado local. Cando está decidido a confesarlle o seu amor, atopa unha antiga estatua grega do deus Apolo nunha das súas redes de pesca.

🏆 Espiga de Prata e Mellor Guión SEMINCI 2020

🕒 Cada pase irá precedido da curtametraxe
Yalla (Bruno D'Urso, 9')



Karen Blixen
Dominique de Saint Pern
Circe, 19.00€

KAREN

ESTREA 11 XUÑ

María Pérez Sanz, 65', ESP, VO, TP
Con Christina Rosenvinge, Alito Rodgers

Un retrato íntimo dos últimos tempos en África da danesa Karen Blixen e, en especial, da relación co seu criado somalí Farah Aden. Unha estraña amizade na que as diferenzas se dilúen ante un entendemento ancestral.

Sección Oficial Sevilla 2020



Presentación e coloquio co director

Cuaderno de la guerra
Ramón Lluis Bande
Pez de Plata, 24.90€

VACA MUGIENDO ENTRE RUINAS

ESTREA 17 XUÑ

Ramón Lluis Bande, 90', ESP, VO +7
Con Nacho Vegas (voz)

O 24 de agosto do 1937, o Consello Interprovincial de Asturias e León, máxima autoridade republicana, constitúese en consello soberano de goberno. Achegámonos a este momento histórico a través da testemuña de Belarmino Tomás, último presidente lexítimo de Asturias antes do triunfo do fascismo.

Sección Albar Xixón 2020



Centenario Berlanga
(1921-2021)

LA ESCOPETA NACIONAL

ESTREA 18 XUÑ

Luis García Berlanga, 95', ESP, VO
Con José Sazatornil, Luis Escobar

Un fabricante catalán de porteiros electrónicos viaxa a Madrid, acompañado da súa amante, para asistir a unha cacería que el mesmo organizou. O que pretende é relacionarse con xente da alta sociedade española para promocionar o seu negocio.



A VIDA DOS DEMAIS

ESTREA 25 XUÑ

Mohammad Rasoulof, 150', FA, VOSE, +12
Con Ehsan Mirhosseini, Shaghayegh Shourian

O coñecido director iraniano Mohammad Rasoulof, pendente de sentenza por mostrar a represión do Goberno no seu cinema, presenta catro historias da vida cotiá en Irán onde a pena de morte forma parte desta realidade.

🏆 Oso de Ouro a Mellor Filme na Berlinale 2020

FOCO WILLIAM A. WELLMAN



CEO AMARELO

PASES ÚNICOS 1-5 XUÑ

William A. Wellman, 98', ING, VOSE, 1948
Con Gregory Peck, Anne Baxter

Unha banda de ladróns liderados por James "Stretch" Dawson (Gregory Peck) atraca un banco. Escapando das autoridades, chegan ao pobo fantasma onde só vive unha moza (Anne Baxter) co seu avó. Os delinquentes sospeitan que agochan ouro polo que tentarán quitárllelo e repartilo.

PASES ESPECIAIS



MOANA WITH SOUND

PASES ÚNICOS 5-6 XUÑ

Robert & Frances & Monica Flaherty, 98', ING, 1926 - 1980, VOSG

En 1924, Robert e Frances Flaherty viaxan á illa de Savaii (Samoa) para filmar a vida dos nativos do lugar e repetir o éxito de *Nanook o esquimó*. En 1980, a filla da parella, Monica Flaherty, regresa ao lugar para gravar os sons e os cantos tradicionais que dan lugar a *Moana with Sound*.

🕒 Presentación de
Carolina Cappa



UNIVERSO DAVID LYNCH

ESTREA 11 XUÑ

MULHOLLAND DRIVE

David Lynch, 147', ING, VOSE, 2001, +18
Con Naomi Watts, Laura Elena Harring

Betty Elms, unha moza aspirante a actriz, chega a Los Angeles para converterse en estrela de cinema e alóxase no apartamento da súa tía. Alí coñece a enigmática Rita, unha muller que padece amnesia a causa dun accidente sufrido en Mulholland Drive.

🏆 **Mellor Dirección Cannes 2001**

ESTREA 18 XUÑ

CABEZA BORRADORA

David Lynch, 90', ING, VOSE, 1977, +13
Con Jack Nance, Charlotte Stewart

Henry Spencer, un mozo medorento e depresivo, sofre uns estraños pesadelos dos que tenta liberarse a través da imaxinación. Un día, a súa amiga Mary convidao a cear a casa e decátase de que foi pai dun bebé prematuro e inhumano.

ESTREA 25 XUÑ

O HOME ELEFANTE

David Lynch, 125', ING, VOSE, 1980, TP
Con Anthony Hopkins, John Hurt

A finais do século XIX, o doutor Frederick Treves descobre nun circo un home coa cabeza monstruosamente deformada, que vive nunha situación de constante humillación e sufrimento como atracción de feira.

🏆 **8 Nominacións Oscar 1980**

NUMAX

INFORMACIÓN XERAL **DE HIXIENE E PROTECCIÓN:**



Lava as mans con xel hidroalcohólico ao entrar no local



Se esbirras ou tuses, cubre a boca e o nariz co cóbedo flexionado



Mantén un mínimo de 1,5 metros de distancia na cola do cinema



Emprega a máscara hixiénica



Entre sesións limpamos e desinfectamos as butacas e as superficies de contacto da sala e os aseos



Entre sesións renovamos o aire da sala

RESERVA DE ENTRADAS **E ACCESO Á SALA:**



Recomendamos que merques a entrada anticipada en numax.org para axilizar o acceso á sala



A cola de acceso ao cinema farase fóra do local mantendo sempre a distancia recomendada



As portas de NUMAX abren 10 minutos antes de cada sesión



A billeteira do cinema abre 10 minutos antes de cada sesión. Agradecemos que pagues coa tarxeta contactless ou co móbil



Valida a túa entrada no punto de lectura de códigos QR



Ao remate da sesión, procura saír de maneira ordenada e mantendo a distancia de seguridade

HORARIOS

Librería

Luns e de mércores a sábado
de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:30h.
Martes de 16:00 a 20:30h.

Cinema

Sesións diarias. Consultar carteleira.
**A billeteira abre 10 minutos
antes do inicio de cada sesión.**
Pódense mercar entradas
anticipadas na nosa web
www.numax.org

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org



   Síguenos en @numaxcoop

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**